

TEXTOS LITERARIOS COMENTADOS
UNIDADE 19. O REXURDIMENTO I: ROSALÍA DE CASTRO

ROSALÍA DE CASTRO

Campanas de Bastabales

III

Paseniño, paseniño,
vou pola tarde calada
de Bastabales camiño.
Camiño do meu contento;
e en canto o sol non se esconde,
nunha pedriña me sento.
E sentada estou mirando
como a lúa vai saíndo,
como o sol se vai deitando.
Cal se deita, cal se esconde,
mentres tanto corre a lúa
sen saberse para onde.
Para onde vai tan soia
sin que ós tristes que a miramos
nin nos fale nin nos oia.
Que se oíra e nos falara,
moitas cousas lle dixera,
moitas cousas lle contara.

COMENTARIO

A presente composición está incluída no coñecido poema rosaliano «Campanas de Bastabales», pertencente a *Cantares gallegos* (1863), o primeiro poemario escrito en lingua galega por Rosalía de Castro co cal se inicia o Rexurdimento pleno das nosas letras. Neste libro, Rosalía compón trinta e seis poemas en forma de glosas de cantares populares, utilizando un estilo sinxelo e popular, mais non por iso falto de altura poética. Na primeira composición toma a voz unha moza a quen invitan a cantar, na última das composicións volve aparecer a mesma voz poética. O resto aparece en voz desta mesma moza, de distintos personaxes populares e mesmo dun eu lírico identificado con Rosalía.

«Campanas de Bastabales» é o décimo primeiro poema dos *Cantares*. Trátase dunha glosa do cantar popular que encabeza a composición: *Campanas de Bastabales, / cando vos oio tocar, / mórrome de soidades*. A glosa contén un total de cinco partes numeradas, a composición que nos ocupa é a número tres.

A pequena historia que desenvolve o presente poema relata, en primeira persoa, o camiño que unha muller percorre cara a Bastabales. Chegado un momento, a muller senta nunha pedra agardando a que saia a lúa, e cando isto sucede, mentres a contempla, pensa no marabilloso que sería poder falar con ela e contarlle cousas. Na composición están presentes dous temas recorrentes na obra de Rosalía, a natureza (*E sentada estou mirando / como a lúa vai saíndo, / como o sol se vai deitando*) e a melancolía e saudade: a muller, soa e triste, síntese identificada coa soidade da lúa (*Para onde vai tan soia / sin que ós tristes que a miramos / nin nos fale nin nos oia*). «Campanas de Bastabales» xunto con «Como chove miudiño» son os dous únicos poemas de *Cantares gallegos* que posúen unha temática intimista, liña que prevalecerá no seguinte poemario de Rosalía de Castro *Follas Novas*.

No poema, a voz lírica que fala en primeira persoa é identificada por gran parte da crítica como un

trasunto da propia Rosalía. Tanto en «Campanas de Bastabales» coma en «Como chove miudiño», a poeta expresa as súas vivencias e recordos persoais.

A métrica e os recursos estilísticos do poema teñen unha raíz popular. De feito, as estrofas seguen o modelo métrico do cantar popular que abre a composición: trátase de coplas de tres versos co esquema *a b a*.

Formalmente, o poema destaca polo uso de figuras de repetición: reduplicación (*Paseniño, paseniño*); paralelismo (*como a lúa vai saíndo / como o sol se vai deitando; cal se deita, cal se esconde; nin nos fale, nin nos oia; moitas cousas lle dixera / moitas cousas lle contara*) e anáfora —que reforza o paralelismo— (*moitas cousas lle dixera / moitas cousas lle contara; como a lúa vai saíndo / como o sol se vai deitando*). Alén disto, todas as estrofas da composición están concatenadas, isto é, repítese ao principio dun verso unha palabra que pertence ao verso precedente:

*Paseniño, paseniño,
vou pola tarde calada
de Bastabales camiño.*

*Camiño do meu contento;
e en canto o sol non se esconde,
nunha pedriña me sento.*

*E sentada estou mirando
como a lúa vai saíndo,
como o sol se vai deitando.*

*Cal se deita, cal se esconde,
mentres tanto corre a lúa
sen saberse para onde.*

*Para onde vai tan soia
sin que ós tristes que a miramos
nin nos fale nin nos oia.*

*Que se oíraenos fálara,
moitas cousas lle dixera,
moitas cousas lle contara.*

En *Cantares gallegos*, Rosalía de Castro dignifica a poesía popular e, ao mesmo tempo, prestixia a lingua galega poñendo de manifesto a súa aptitude para a expresión lírica. Coa publicación de *Cantares gallegos* ábrese, como xa apuntamos, un novo camiño na historia da literatura galega. A obra de Rosalía animou á escrita en galego e influíu notablemente na obra producida polos seus contemporáneos; ademais transcendeu e revalorouse co tempo, ata chegar aos nosos días en que se converteu nun referente fundamental e nun clásico de valor universal.